

**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE MODIFICA O ANEXO I DA RESOLUCIÓN REITORAL DE 1 DE AGOSTO DE 2025 DE CONCESIÓN DE BOLSAS ERASMUS+ ESTUDOS AO ESTUDANTADO SELECCIONADO NO MARCO DA CONVOCATORIA DE PRAZAS ERASMUS+ ESTUDOS PARA O CURSO 2025-26 (9ª MODIFICACIÓN)**

O 1 de agosto de 2025 publicouse a Resolución Reitoral de concesión de axudas Erasmus+ ao estudantado seleccionado no marco da convocatoria de prazas de intercambio Erasmus+ Estudos para o curso 2025-26, con inicio da súa estadía no primeiro cuadrimestre de dito curso. Nesta resolución relacionábase a listaxe do estudantado adxudicatario da bolsa e as contías das axudas concedidas (Anexo I da resolución), e sinalábanse os motivos polos que as contías das axudas poderían verse modificadas, entre os que figuraba a ampliación ou redución da estadía e/ou financiamento adicional por acreditar a condición de estudante con menos oportunidades, por realizar viaxe ecolóxica ou por cambio de destino por causas xustificadas.

En base á previsión anterior, relativa á modificación da contía das axudas,

ESTA REITORÍA RESOLVE

Modificar o importe da bolsa concedida ás seguintes persoas beneficiarias, pola **redución da súa estadía**, do seguinte xeito:

Apelidos, nome	Destino	País	Periodo	Importe axuda individual por mes	Axuda viaxe	Axuda individual máxima	TOTAL BOLSA MÁXIMO	Pagos 2025	Pagos 2026
Barreiro Ferreira, Eva	PL BIALYSTO1	Polonia	1º S	500 €	395 €	2.500 €	2.895 €	2.316 €	579 €
Casas García De Andoin, Daniela	I CAMPOBA 01	Italia	1º S	350 €	309 €	1.750 €	2.059 €	1.647 €	412 €
García Vilas, Samuel	SI LJUBLJA01	Eslovenia	1º S	550 €	309 €	2.750 €	3.059 €	2.447 €	612 €

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres no recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura dixital

O REITOR

Por delegación, R.R. do 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel del Pozo Triviño

